



Culturactiva SCG presenta
a Luis Iglesias e Marcos Orsi en:

sénior





sénior

Sinopse

Culturactiva SCG presenta *Sénior*, un espectáculo cómico sobre a crise dos 50, cos coñecidos e populares actores Luís Iglesias e Marcos Orsi como protagonistas, e dirixida por Avelino González, unha reflexión en clave de humor sobre a chegada ás portas da terceira idade. Cando se abandona a madurez e se comeza a ser "sénior"? Iglesias e Orsi rin de si mesmos ante nós, cun texto enxeñoso de creación propia.

Cunha comicidade sinxela e directa, na que doadamente se verá identificada a audiencia, e apoiada nun texto inxeñoso de creación propia, *Sénior* permitíranos rir das situacións máis cotiás, de divertidas anécdotas que, seguramente, moit@s de nós chegamos a vivir e de escenas que só se poden vivir, gozar e padecer a partir dos 50 anos.

Grandes dilemas do sénior:

...visto como meu fillo ou como meu pai?...

...Haberá cadeiras nese concerto?...

...Como estarei mañá se tomo un segundo gin-tonic?...

Ducias de preguntas que este espectáculo non resolverá, pero que son a escusa perfecta para pasar un momento entretido en compañía de Luís Iglesias e Marcos Orsi.

Ficha artística e técnica

Autor: Creación propia

Elenco: Luís Iglesias e Marcos Orsi

Dirección: Avelino González

Responsable técnico: Paula Castro

Deseño escenografía: Kukas

Produción e distribución: Culturactiva, Sociedade Cooperativa Galega

Xénero: Teatro cómico

Duración: 70 minutos

Clasificación: N.R.M 12 anos

Marcos Orsi


Iniciou a súa carreira como actor nos anos oitenta con Artes Livre, no seu Santo André (São Paulo) natal. Con esta compañía dramática, Orsi ven a Europa en 1986 e acaba fixando a súa residencia en Galicia. Sobe al escenario con diversas compañías teatrales como Produccións teatrais Excentricas, Teatro do Aquí, Bacana, Malasombra ou OllomolTranvía, con las que participa como actor, director o bailarín nas obras: *A cabeza do dragón*, *Obra (No Comment)*, *O día o pai*, *Os fabulosos Cleaners*, *Go on*, *Criaturas*, *Non é tan fácil*, *A ópera de a patacón*, *Qui pro quo*, *Ratmane Bobyn*, *Caperucitoloxía*, *Escola de bufóns*, *Raíñas de pedra*, *Commedia un xoguete para Goldoni*, *Fas e Nefas*, *Moleques*, ou *Amar verbo intransitivo*.

Para o CDG actou en nove das súas producións: *A ópera dos tres reás*, *Noite de Reis*. Ou *o que queirades* (2007), *A piragua* (2007)—reestreada no 2009 pola compañía Abrapalabra—, *O ano do cometa* (2004), *A comedia do gurgullo* (2003), *A burla do galo* (2000), *Si o vello Sinbad volvease ás illas* (1999), *Un soño de verán* (1992) e *O incerto señor don Hamlet* (1991).

Actuou en varias teleseries da Televisión de Galicia entre as cales destacan *Matalobos*, *O Nordés*, *As leis de Celavella*, *A miña sogra e máis eu*, *Rías Baixas*, *Galicia express*, *Mareas vivas* ou *Pratos combinados*, así como en algúns episodios de *El pacto*, *El Comisario*, *MIR* y *Hospital Central*, de Telecinco. No ámbito cinematográfico seus personaxes máis relevantes inclúen interpretacións en *Unha muller invisible*, *O agasallo de Silvia* e *O lapis do carpinteiro*. Tamén ten experiencia no terreo publicitario. Entre os premios que recibiu destacan o Premio Compostela 1992 como mellor actor secundario por *Un soño de verán* e o Premio Compostela 1994 como mellor actor protagonista por *Commedia, un xoguete para Goldoni*.



Luis Iglesia



Luis Iglesia é un dos actores galegos máis populares e máis queridos polo público, sobre todo polas series televisivas de éxito que leva protagonizando desde xa máis de dez anos.

Pero a súa carreira actoral comezou moito antes, alá por 1990, con espectáculos teatrais con diversas compañías, como Maxia Vermella, Teatro do Atlántico, Teatro do Aquí ou Volta e Dálle Teatro. Sen deixar o seu traballo sobre as táboas, en 2004 comeza unha meteórica carreira profesional no audiovisual galego, converténdose nun dos rostros máis populares da TVG. Así, ten participado en *Terras de Miranda*, *As Leis de Celavella*, *Libro de Familia*, *Matalobos* ou *Pazo de Familia*. Fora de Galicia, participou en series como *Hospital Central*, *Piratas* ou *El Ministerio del Tiempo*. Igualmente, puidemos velo en películas como *Somos Gente Honrada*, *Vilamor* ou 7.

Atesoura tamén unha ampla carreira no mundo da dobraxe. Dende o ano 1986 é voz habitual de Harrison Ford, Paul Newman, Robert de Niro, Gartfield ou a rá Gustavo. Como locutor, leva realizado múltiples campañas de publicidade para marcas como Estrella de Galicia, Caixanova, Caixa Galicia, Once, Movistar, ... Máis de 1.000 documentais locutados, unha boa parte deles de produción galega. Dous anos como voz institucional do Grupo Voz, nomeadamente as emisoras de Radio Voz. Máis de 600 cancións, interpretadas tanto na dobraxe de películas musicais, como en cabeceiras de diversas series.


Avelino González (director)

Narrador, actor de teatro, cine e televisión, director, dramaturgo e traductor, Avelino González (Vigo, 1962) é un dos profesionais máis prestixiosos e populares das artes escénicas galegas.

Con máis de 30 anos de traxectoria, traballa regularmente con diversas compañías de teatro galegas tales como Ollomol Tranvía, Teatro de Aquí, Talía Teatro ou Produccións Excéntricas. Froito deste traballo como actor, director o dramaturgo teatral Avelino González foi merecedor, ata o momento, de cinco premios María Casares.

Igualmente, é un recoñecido actor de cine e televisión e nos últimos anos participou en diversas series de éxito da TVG: *Padre Casares*, *A Vida por Diante*, *Terras de Miranda* e *Rías Baixas*, ademais de outros proxectos audiovisuais fora de Galicia como *Piratas*, *Cuéntame* ou *Heroína*.

Como director de teatro, conta cunha traxectoria chea de éxitos, como *Sede de Mal* de Boneca Lareta, *Vento Mareiro* de Avelino González, *A Historia de Brancaflor* de Fran Rei, *Bicos con Língua* de Talía teatro, *Dous no Camiño* de Culturactiva SCG, *Crónica de Avilés de Taramancos* de Falabarto ou *Love letters* de Lagarta, lagarta.



Culturactiva SCG

Culturactiva SCG representa, tras unha dilatada traxectoria, un claro referente en Galicia no sector da xestión cultural. Consolidada xa como unha das grandes distribuidoras do

CULTUR
ACTIVA

país, o seu ámbito profesional abrangue os campos da venda teatral e musical, a organización de eventos, a xestión integral de programacións e a dinamización cultural, tanto no ámbito creativo como formativo.

Deste xeito, Culturactiva converteuse en Galicia nun motor para os sectores teatral e musical, tanto a través de grandes festivais e plataformas como son o *Festiclown*, *Galezca*, *Olladas do Planeta* ou a *Feira Ecolóxica*, como do seu fundamental traballo na distribución e produción escénica. Co paso do tempo e avalada pola súa experiencia, Culturactiva ampliou o seu ámbito de actuación máis aló das nosas fronteiras, estendendo o seu labor ao resto do estado e a nivel global.

Culturactiva é a entidade na que confían a súa distribución en Galicia a artistas internacionais do nivel de Leo Bassi, Jango Edwards ou compañías como Yllana e intérpretes galegos de gran proxección como Peter Punk, Sergio Pazos ou o Mago Teo. Como distribuidora musical, Culturactiva traballa con formacións musicais do país de gran prestixio, como son Guadi Galego, Talabarte ou, entre outras moitas, Vaamonde, Lamas & Romero.

Ademais, Culturactiva leva máis dunha década traballando na produción de espectáculos e montaxes teatrais, ámbito no que destaca con diversas obras. Deste xeito, impulsa agora *Sénior*



Contratación:

981 582 836

info@culturactiva.org



www.culturactiva.org